

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 20, 17-28

Naquel tempo, segundo ía subindo Xesús a Xerusalén, chamou a un lado os Doce polo camiño e díxolles:

– «Vede que subimos a Xerusalén, e que alí lles van entregar o Fillo do Home ós sumos sacerdotes e mais ós letrados; condenarano a morte, e entregarano ós pagáns para que fagan riso del, o azouten e o crucifiquen; pero ó terceiro día resucitará».

Entón a nai dos fillos do Zebedeo achegouse cos seus fillos a Xesús, e prostrouse para pedirlle algo.

El preguntoulle:

– «¿Que queres?»

Respondeulle:

– «Manda que estes dous fillos meus senten un á túa dereita e outro á túa esquerda no teu Reino».

Replicou Xesús:

– «Non sabedes o que pedides. ¿Podedes beber o cáliz que eu teño que beber?»

Respondéronlle:

– «Podemos».

Replicoulles Xesús:

– «O meu cáliz beberédelo; pero o sentar á miña dereita ou á miña esquerda, iso non depende de min concedelo: é para quen o meu Pai o ten preparado».

Os outros dez, que estaban oíndo, anoxáronse cos dous irmáns. Entón Xesús chamounos a todos onda el e díxolles:

– «Xa sabedes que os xefes das nacións mandan sobre elas, e que os grandes as dominan. Non ha ser así entre vós; ó contrario, quen queira entre vós chegar a ser grande, ha de ser o voso criado; e quen queira entre vós ser o primeiro, ha de ser o voso servo; porque o Fillo do Home non veu a que o sirvan, senón a servir e a entregar a súa vida en rescate por todos».